

**CONCELLO
DE VIGO**



INFORME EXPLICATIVO DO ITER VALORATIVO DAS OFERTAS

Aos efectos de dar cumprimento ao mandato da cláusula 16.1ª do P.C.A.P. en relación co disposto no Prego de Prescricións Técnicas, e de confirmar (motivándoo de xeito suficiente) unha actuación técnica obxectiva en función dos méritos relativos das ofertas presentadas polos licitadores, elaborouse un cadro descomposto por epígrafes -que se achega- sobre os que operan as valoracións cuantitativas cuxa explicación complementaria ofrécese a continuación.

Partindo da verificación do necesario cumprimento dos requisitos mínimos previstos do prego de prescricións técnicas, a non mención expresa dalgún epígrafe respecto deste último unicamente significa a esencial identidade do contido de todas as propostas sobre o particular.

Ten sido unha máxima constante na actividade avaliativa evitar decididamente calquera risco de exacerbación da puntuación relativa.

1.- PARQUÍMETRO E SINALIZACIÓN (10 puntos).

Tódolos parquímetros ofertados cumpren os requisitos mínimos esixidos no PPT, e a súa concepción modular e escalable garanten agora e durante toda a vixencia do contrato unhas prestacións acordes ao estado actual e a evolución previsible da innovación tecnolóxica no sector.

Esa concepción modular e escalable e a observación electrónica continua (conexión centralizada) do seu funcionamento mediante o sistema de información facilitan



e simplifican notablemente as operacións de mantemento preventivo e correctivo.

Aínda que con distinto grao de implantación e evolución no mercado, todos os parquímetros presentados resultan produtos (cos seus servizos asociados) maduros, polo que en canto aos requisitos mínimos técnicos, funcionais e de diseño esixidos no Prego de Prescricións Técnicas non se aprecian méritos suficientes que entrañen unha ventaxa significativa no plano competitivo.

A diferenza de puntuación establécese en función das prestacións adicionais efectivamente ofertadas polos licitadores e estrictamente vinculadas ao obxecto do contrato, tendo presente a solución técnica aportada e o seu valor engadido en termos de eficacia e eficiencia para a realización do obxecto contractual.

Así, non se valora o mesmo unha unidade adicional de recarga de dispositivos móbiles ou de sensorización ambiental, que a sensorización das prazas de estacionamento dispoñibles, a de peóns, ou a conectividade de curto alcance e baixo consumo vinculas ás necesidades específicas dos usuarios do servizo.

Temos considerado valiosas as ofertas de instalacións para vehículo eléctrico, en número e solución técnica.

Apreciamos grandemente tamén solucións que combinan conectividade e mobilidade sostible, cuxa viabilidade e acerto (ao alcance do cidadán medio) confírmase nas sucesivas series ou oleadas históricas dos estudos de datos de penetración dos smartphones en España publicados polo Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (Red.es, Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital).

Idéntica conclusión acadamos en solucións tecnolóxicas que supoñen unha potente descentralización de determinados contidos das xestións administrativas no eido da mobilidade, materializando o principio básico de



máxima proximidade e participación da cidadanía na súa relación coa Administración.

Considerouse, en máis ou en menos, o número de parquímetros propostos. Non temos considerado a colocación de parquímetros na zona 1.

1.2.- Sinalización vertical e horizontal:

Todas as ofertas axustanse as esixencias básicas dos pregos.

Non se aprecia en xeral elementos técnicos ou económicos especialmente innovadores sobre ditas esixencias.

Valen aquí, polo tanto, como elementos diferenciais a mera adición de elementos de sinalización que non resulten simplemente redundantes.

Non se valoran aportacións económicas sen conexión directa co obxecto do contrato.

2.- SISTEMA DE XESTIÓN CENTRALIZADA DA INFORMACIÓN (10 puntos).

2.1 En canto ás ferramentas de control e supervisión dos activos do servizo todas as ofertas coinciden substancialmente en permitir a xestión e reconfiguración dos elementos hardware remotos e a súa xeoreferenciación para a integración co sistema de información principal.

2.2 En canto aos sistemas de estimación e mapas de ocupación en tempo real valoramos as fontes de información, en número e calidade (parquímetros, terminais dos controladores, apps, sensorización sobre prazas reais) así como o tipo de cálculo.

2.3 En canto ás funcionalidades ofrecidas aos usuarios directamente relacionadas co servizo, temos valorado ás



ofertas de extensión dos servizos ofrecidos polos parquímetros como quioscos de información cidadá vinculadas á mobilidade, ou como pantallas dinámicas, ou a incorporación de balizas bluetooth.

Todos os licitadores ofrecen unha aplicación para dispositivos móbiles que permite a xestión o pago. En dous casos permiten o guiado hacia o estacionamento.

2.4 En casi todas as ofertas e con distinto grao de detalle encontramos sistemas embarcados de control automático que permiten un control exhaustivo en tempo real do servizo.

2.5 Examinamos a ferramenta informática dos vixiantes, das que destacamos a lectura OCR das matrículas. En algún caso atopamos solución que permite identificar o posicionamento singular das prazas ocupadas.

2.6 Común resulta tamén nas ofertas presentadas a funcionalidade dos terminais dos vixiantes que permiten o recoñecemento OCR das matrículas dos usuarios.

2.7 En canto ás esixencias dos apartados 3 e 4 do art. 13 do Prego de Prescripcíons Técnicas, temos destacado as solucións que permiten unha integración sinxela e directa cos sistemas de información municipais.

2.8 En canto ao apartado 5 do art. 13 do Prego de Prescripcíons Técnicas, todas as ofertas presentan ferramentas esencialmente similares facilitando a obtención dos indicadores clave de desempeño en tempo real.

3.- PLAN DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO, XESTIÓN DO PERIODO TRANSITORIO, ENTRADA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2017 14:03	Páxina 4 de 22
Expediente 90514/210	Código de verificación: 2DE54-242BE-282C8-83B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

EFFECTIVA EN FUNCIONAMENTO E CAMPAÑA PUBLICITARIAS (4 puntos).

Todas as ofertas responden basicamente a unha mesma lóxica de establecemento e posta en funcionamento, predominando un relato excesivamente parco tendo en conta a innovación tecnolóxica da nova contratación.

A parquedade é especialmente relevante no particular relativo á xestión do servizo en fase de preproducción da nova infraestrutura física e tecnolóxica.

En canto á dimensión temporal, todas cumpren as esixencias mínimas advertíndose lixeiras diferenzas entre sí con idéntico efecto no plano valorativo.

Non se valoran ás mencións á retirada dos parquímetros actuais, por resultar materia allea ao obxecto contractual.

Nas ofertas de campañas publicitarias predominan enfoques, destinatarios, temporalidade e selección de medios de difusión comúns. A innovación e/ou agredado de elementos álzase como valor de referencia sobre as demais ofertas.

4.- ORGANIZACIÓN DO PERSOAL E DOTACIÓN DE TERMINAIS E DEMAIS EQUIPAMENTO PARA O PERSOAL CONTROLADOR (4 puntos).

Na organización do persoal para a prestación do servizo resulta un criterio bastante común a organización de rutas de vixiancia a pé procurando un número inferior á ratio de prazas/vixiante contido no prego técnico a partir do número de días/horas de servizo e número de horas de traballo segundo convenio (productividade aparente do traballo).

Neste concreto aspecto temos valorado mellor aquelas ofertas que potencian a productividade do persoal con rutas



de vixancia directamente vinculadas cos elementos nucleares para o resultado da explotación: necesidades específicas de rotación, preferencias de tempos de uso, incumprimentos de singular relevancia... Datos estes a obter en tempo real e con altísimo grado de fiabilidade a partir do sistema de información e a conectividade que caracteriza o novo servizo contratado.

Temos considerado meritoria a oferta de horas de técnico informático programador adicionais sobre o persoal subrogado.

En canto a dotación de terminais valorouse as unidades e calidade dos mesmos (a valoración da súa funcionalidade tense feito baixo o epígrafe sistema de xestión centralizada da información).

Formación e uniformidade dos controladores merecen un tratamento similar en tódalas ofertas.

En canto ao equipamento complementario de control, valorouse o grao de detalle da utilización dos vehículos de vixancia (a valoración da súa funcionalidade tense feito baixo o epígrafe sistema de xestión centralizada da información).

5.- TAREFAS DE XESTIÓN DO SERVIZO (3 puntos).

5.1 Nada especial se aprecia nas ofertas sobre as tarefas de recadación (rutas, operativa de recollida e traslado, conteo e ingreso). Valoráse o incremento da frecuencia prevista no PPT.

5.2 Nos estudos e propostas para a optimización do servizo valorouse o seu obxecto, a súa periodicidade e o grao de detalle ou concreción dos mesmos (datos previos, métodos directos ou directos de estimación da oferta/demanda, principais variables que inflúen na mesma e a súa proxección temporal/espacial).



5.3 En canto ás tarefas de información ao usuario común, residente e outros, partindo dun común denominador contido nas ofertas segundo o PPT (presencial, telefónica, telemática), valoráronse os medios adicionais e a súa funcionalidade (canles de difusión de singular relevancia).

6.- PLAN DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE TÓDOLOS EQUIPOS E INSTALACIÓNS CON INDICACIÓN DO TEMPO DE RESPOSTA (3 puntos).

No PPT esixese a observación electrónica continua do funcionamento dos parquímetros e o volcado en tempo real desa información ao sistema, o que permitirá acceder aos respectivos indicadores de calidade do servizo.

As técnicas ou sistemas de mantemento preventivo e correctivo dos equipos e instalacións contidos nas ofertas responden a esa lóxica, e en función do grao de detalle da explicación do seu funcionamento e dos resultados esperados ou comprometidos dedúcense as respectivas puntuacións.

No tocante á sinalización vertical e horizontal, nas que as incidencias haberán de ser menores, valorouse o tempo de resposta comparado.

7.- ELEMENTOS ESTRUCTURAIS DO SISTEMA DE INFORMACIÓN.

Examináranse aquí a robustez, escalabilidade e neutralidade tecnolóxica da infraestrutura que da soporte aos sistemas de información dos licitadores.

Con distinto grado de detalle, nas ofertas se atopan solucións de CDP Tier IV SAS (con provedores TIC), CDP propios de alta dispoñibilidade e seguridade, comunicacións



entre os activos e o seu nivel de seguridade e demais elementos dando lugar ás correspondentes valoracións.

8.- SISTEMA DE XESTIÓN DA TARXETA CIDADÁN.

Partindo do estricto cumprimento do Prego de Prescripcíons Técnicas, outorgase a máxima puntuación as ofertas que engaden algunha prestación adicional (app móbil como TPV, tarxeta física có módulo SAM e ferramenta para a emisión da tarxeta). Se aprecia a proposta dun desenvolvemento específico, pero a incerteza na súa definición non permite que acade a máxima puntuación.

9.- INCIDENCIAS.

Examinada polo miúdo a documentación das oito (8) ofertas, moi extensas e nalgún caso cun contido nada sistemático, os funcionarios que suscriben atopan en tres delas información que pola súa posible transcendencia á puntuación que lles correspondería por criterios dependentes de fórmula (sobre C) se somete a consideración expresa da Mesa de Contratación.

Unha cuarta oferta incurre no vicio de incumprimento flagrante dos pregos técnicos.

9.1 Oferta da U.T.E. ESTACIONAMIENTOS VIGO (INGESER ATLÁNTICA IBERPARK)

9.1.1 No apartado 2.1.4 do Tomo II (1 de 2), folios 86 a 96, destácase que “la inclusión en el sobre B del número de vehículos adscritos al servicio es motivo de exclusión al tratarse de un criterio evaluable de forma objetivo (sic) en el sobre C de la presente licitación”. É dicir, expresamente se contempla na oferta unha reserva de contido sobre a documentación do sobre “B” limitada ao número de vehículos adscritos ao servizo.



9.1.2 A información proporcionada xustifícase expresamente na consulta dunha das empresas que compoñen a U.T.E. e segundo o tenor literal da resposta ofrecida.

Refírese a oferta á consulta realizada pola mercantil IBERPARK (doc. 161064041) en sede do trámite de esclarecemento do contido dos pregos. A consulta plantexada foi a seguinte:

CONSULTA 3

La Cláusula 16° del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares "Criterios para la adjudicación del contrato", que incluye en su apartado n° 2 los "Criterios evaluables mediante fórmula o índice", incorpora en el subapartado n° 4, un cuatro en el que se indica la forma de valoración del criterio "Adscripción de vehículos sostenibles a la prestación del servicio".

Solicitamos aclaración en relación a como se realiza esta valoración, y para formular la pregunta nos vamos a apoyar en varios ejemplos.

Como establece el PCAP, la puntuación de este criterio no superará en ningún caso los 4 puntos y, por tanto:

- *Si el licitador propone adscribir al servicio 4 motocicletas, ¿recibirá 4 puntos?*
- *¿El licitador recibirá los mismos puntos si propone adscribir al servicio 2 vehículos destinados al transporte de mercancías que si propone 3 o 4?, y de la misma forma ¿el licitador recibirá los mismos puntos si propone adscribir al servicio 1, 2 o 3 turismos?*
- *¿Se sumarán los puntos en función del número y tipo de vehículos?, es decir, si el licitador propone adscribir al servicio 4 turismos [1 punto] y 4 vehículos destinados al transporte de mercancías [3,5 puntos], ¿recibirá 4 puntos [1 punto + 3,5puntos]?*



Y, por último, y en relación a esta misma cuestión, ¿el número y descripción de estos vehículos debe incluirse en el proyecto técnico del sobre B o únicamente debe incluirse en el sobre C? Entendemos que la descripción de los vehículos con los que cuente el servicio es vital para la explicación de diferentes aspectos del servicio como son, por ejemplo, las tareas de mantenimiento, recaudación, etc.

9.1.3 En sesión extraordinaria e urxente de 14 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que, segundo informe da Xefatura de Área de Mobilidade e Seguridade, se lle deu a seguinte resposta á citada consulta:

RESPOSTA

- En relación con los supuestos de puntuación por adscripción de vehículos al servicio, la interpretación ofrecida por el licitador es correcta.*
- En relación con la duda expresada sobre la inclusión de la información de los vehículos adscritos al servicio en los sobres B o C, se advierte que el contenido de la Cláusula 14 de Pliego de Prescripciones Técnicas no resulta en modo alguno incompatible en relación con los criterios de puntuación y las posibilidades que a efectos de su debida acreditación se otorga a los interesados, que por ello habrán de estar a lo dispuesto con meridiana claridad en aquélla.*

9.2 OFERTA DE AUSSA.

No tomo III (apartado 3.2.5) da oferta técnica, folio 8, que se da aquí por reproducido contense información relativa á adscripción de vehículos eléctricos ao servizo marca Renault modelo TWIZY, que caracterízase como vehículo eléctrico.



9.3 OFERTA DE ESYCSA

No folio 100 da oferta técnica, a citada mercantil realiza a seguinte manifestación:

“La UTE entiende que no se puede facilitar información en este sobre relativa a criterios objetivos que serán valorados en el sobre C, debido a que sería causa de exclusión. Por lo tanto, toda la documentación técnica requerida acerca de los vehículos sostenibles adscritos al servicio se ha incluido en el sobre C” (o subliñado é noso; cláusula 16.2.4 FEC).

9.4 SABA

No tomo 1 da súa oferta, páxina 9, apartado 14.3.2, sé dí:

“El hardware y software que utilizan los parquímetros son propiedad intelectual de Parkare y el Sistema Operativo no es de código abierto, por lo que no será posible proporcionar el código fuente totalmente documentado así como las herramientas de ensamblado y linkado”.

Neste punto, a oferta infrinxe abertamente o artigo 14.3.2 do Prego Técnico que dispon:

“A máquina deberá ser aberta tanto en hardware coma en software polo que o Sistema Operativo deberá ser de código aberto e soamente se aceptará, no caso de ser propietario, se se proporciona o código fonte totalmente documentado así como as ferramentas de ensamblado e linkado”.

Lugar, data e sinatura dixital.



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS

INFORMADO POR : AREA DE SEGUIDADE E MOBILIDADE

1.-PARQUÍMETROS E PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VERTICAL(10 PUNTOS)	AUSA	DORNIER	EYSA	GERTEK ACCIONA	SABA APARC.	SETEX APARKI	ESYCSA-API	INGESER-IBERPARK
1.1.- PARQUIMETROS	CALE CWT	CALE CWT	PARKEON Estada PAL	OTS Nano	PARKARE TEMPO EVO	PARKEON Estada PAL	WISEPARK	PARKEON Estada PAL
1.1.1.- Requisitos funcionais								
Número de parquímetros instalados no ámbito definido no Prego Técnico	140 unds	150 unds	144 unds	144 unds	145 unds	146 unds	146 unds	138 unds
VII. O parquímetro autoalimentarase do panel solar que cargará una batería. Dado que el requisito de autoalimentación é imprescindible en las características técnicas se definirán os consumos de enerxía asumibles.	Se asume meramente o cumprimento dos requisitos mínimos, sen especificacións.	Potencia nominal de paneis 13W. Capacidad total de las baterías 80 Ah.	Potencia nominal de paneis 16W. Capacidad total de las baterías 69 Ah. Autonomía de batería de 10 días	Panel solar xiratotio para súa mellor orientación. Autonomía de 25 días	Panel solar de potencia nominal 10 w. Autonomía de batería 7 días	Potencia nominal de paneis 16W. Capacidade total de las baterías 69 Ah. Autonomía de batería de 10 días	Dispón de espazo para aloxar duas baterías.	Potencia nominal de paneis 16W. Capacidade total de las baterías 69 Ah. Autonomía de batería de 10 días
XXIX. O parquímetro deberá estar preparado para poder levar a cabo nun futuro o control do estacionamento da carga e descarga, xestionando a autorización para os vehículos deste tipo despois da introdución dos datos da matrícula.	Mediante tiquets ou telemáticamente	Dispoñibilidade da función. Suxerencia de complemento de acceso con app móbil ou internet.	Dispoñibilidade da función.	Dispoñibilidade da función. Suxerencia de complemento de acceso con app móbil.	Dispoñibilidade da función.	Dispoñibilidade da función.	A zona 7 sensorizada	Proba piloto de sensorización de cargas e descargas de tres delas, instalaranse dous tipos de sensores para testear o máis idóneo. 3 cargas e descargas
XXXII.- O parquímetro poderá dispoñer de elementos de sensorización (temperatura, humidade, contaminación, imaxes), ou posibilitar a súa adición posterior mediante portos de expansión de acceso remoto.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Humidade, contaminación e previsión do tempo. Non especifica unidades.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Temperatura, humidade, polución e ruido. 73 UNDS	Temperatura e humidade. 6 UNIDADES. Contaminación 1 UND	Temperatura, humidade, polución e ruido. 12 UNDS
XXXIII. O parquímetro poderá dispoñer de sistemas de comunicacións de tecnoloxía wireless de consumo eléctrico reducido con destino aos propios usuarios del servizo ou para xestión e control: ZigBee, ZWave, Bluetooth LEE.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	100 % dos parquímetros, vinculado á campaña k-miña: promoción dos desprazamentos a pé polo ámbito regulado, captando mediante app móbil bonos (k-miñas) canjeables por saldos para o aparcamento, billetes do transporte público...	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.	Mera dispoñibilidade (escalable). Non se oferta.
XXXIV. El parquímetro podrá dispoñer de elementos que permitan prestar servizos de recarga a vehículos eléctricos, axustándose en todo caso a la normativa vixente en materia de xestores de carga del sistema	EVOX KeContact P20. Ofrecen subministrar 6 unds, a instalación e o mantemento non está incluído. Permite carga simultánea de dous vehículos. 10A.	CIRCUTOR RVE-PM-MIX . Ofrecen 9 puntos de recarga e os cinco anos 18 máis. Mantemento pero non a súa xestión e explotación. 16A-32A. Instalación ata 20 m manguera 3x10 e RJ46. Tempo de resposta 72h.Pago con tarxetas de proximidade	PARK CHARGE. Modo de pago a través dos parquímetros.Non se di cantos nin modelo	Modo de pago a través dos parquímetros.Non se di cantos nin modelo	Non se contempla pero si pode xestionarse a través do parquímetro	PARK CHARGE. Modo de pago a través dos parquímetros, instalan 6 unidades. OLLO, SOLUCIÓN DE CONEXIÓN A BATERÍA, TÉCNICAMENTE MOI LIMITADA.	Modo de pago a través de los parquímetros. 5 unidades	IBIL xestora de recarga eléctrica. Modo de pago no propio punto de carga. APP móbil para xestión da carga. 5 unidades
XXXV. El parquímetro podrá dispoñer de elementos que permitan prestar servizo de carga eléctrica a dispositivos móviles.	No recomendado en modo solar por motivos de autonomía	100 % Entrada USB instalada en el parquímetro para recarga de móviles	Se ofrecen solucións independentes do parquímetro por consumo enerxético.Non se especifican unidades.	Planteanse puntos de carga destes dispositivos.Non se especifican unidades.	No recomendado en modo solar por motivos de autonomía	Conectados á batería do parquímetro. Estará en off cando se chegue ao límite de consumo permitido	9 unidades incorporan a la parte traseira del parquímetro	No se contemplan
1.1.2.- Requisitos de deseño	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT
1.1.3.- Requisitos técnicos mínimos								
1.1.3.1.- Características xerais								
VI. Deberán ser resistentes ao frío, ao calor ao po.	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT
VII. Deberán ser resistentes a la humidade y a la corrosión.	Segundo PPT	Segundo PPT	Kit "Sea side"protección extra contra la salitre.	Segundo PPT	Segundo PPT	Kit "Sea side"protección extra contra la salitre.	Segundo PPT	Segundo PPT
1.1.3.2.- Harware y software								
1.1.3.3.- Localización y alimentación de los parquímetros								
I.- Los parquímetros deberán estar situados normalmente a una distancia máxima de 50 metros respecto da praza.	Contemplan indebidamente Canovas del Castillo	Inclúen zonas novas: Ámbito Hospital Fátima, Fernando el Católico, Avda. da Florida-Praza América.	Ollo están incluíndo Cánovas del Castillo	Contemplan indebidamente Canovas del Castillo	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Contemplan indebidamente Canovas del Castillo
II.- O parquímetro deberá dispoñer dun panel solar (células fotovoltaicas) que garanta o nivel de autonomía requirida nos párrafos seguintes, en función das operacións a realizar, condicións lumínicas máis desfavorables e requisitos de consumo de enerxía establecidos para os compoñentes do parquímetro. Deberán dispoñer dun Certificado Auditado de que a autonomía proporcionada non sufra a degradación do rendimento dos módulos e sistemas fotovoltaicos.	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Solución de incorporación de panel non integrado.	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT	Segundo PPT
1.1.3.4.- Consumo de enerxía								
I. O consumo de enerxía do parquímetro en repouso, deberá ser inferior a 3 mA.	Non se especifica.	Non se especifica.	O consumo en repouso do terminal é de 2,7 mA.	1,5mA en repouso	O consumo en repouso dos terminais de 2,78 mA.	O consumo en repouso do terminal é de 2,7 mA.	El consumo en reposo es de 3mA.	O consumo en repouso do terminal é de 2,7 mA.
III. A enerxía consumida deberá ser inferior a 10 Wh/día.	Cumple sen especificar o dato que permita a súa ponderación.	10wh/día	9,67wh/día	Cumple sen especificar o dato que permita a súa ponderación.	3,43 wh/día	9,67wh/día	<10wh/día	9,67wh/día
1.1.3.6.- Pantalla en color								



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2017 14:03	Páxina 12 de 22
Expediente 90514/210	Código de verificación: 2DE54-242BE-282C8-83B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

I.- El tamaño mínimo admitido es de 5,5" y la resolución mínima 200 x 100 pixel. La pantalla deberá disponer de protección antivandálica (policarbonato o equivalente).	Pantalla gráfica de 7" WWGA (800x480), 16,7 M cores, 24 bit profundidade	Pantalla gráfica de 7" WWGA (800x480), 16,7 M cores, 24 bit profundidade	Pantalla en cor TFT de 7" resolución de 800 x 480 píxeles e un contraste de 4000:1, y 212.144 cores.	Pantalla TFT táctil de 10" resolución 640x480, brillo 500cd/mm2	TFT cor de5,7"de tamaño e conta cunha resolución gráfica QVGA de 320 x 240 puntos	Pantalla en cor TFT de 7" resolución de 800 x 480 píxeles e un contraste de 4000:1, y 212.144 cores.	Pantalla TFT color de 7". Resolución pixel800x480	Pantalla en cor TFT de 7" resolución de 800 x 480 píxeles e un contraste de 4000:1, y 212.144 cores.
1.1.5.- Outras funcionalidades . Melloras do servizo (individualizadas nas respectivas ofertas)								
I.- O parquímetro conta con Kiosco informativo cidadá.		Non se especifican un unidades.					17 unidades terán esta función	
Pantalla de información dinámica			Dispoñible en todas as unidades.				Dispoñible en todas as unidades.	Dispoñible en todas as unidades.
IV.- Lector de código de barras e QR			144		145			
VI.- Balizas bluethooth en el parquímetro			Non especifican unidades.			146 unidades		10 unidades
VIII.- Campaña k-miña fomentar andar por medio de bluetooth con uso de la app						146 unidades		
IX.- Sistema de pago MET-Pay a través da conta de gasto da compañía de teléfono móvil						Compatible con todas as plataformas de smartphones, sin coste adicional.		
X.- Servizo de desconto a clientes de comercios e restaurantes a través da xeración de códigos de consumo	Promocións por pago con móvil					Dispoñibilidade, sen máis especificación		
XI.- Código intelixente off line para anulación de denuncia						Dispoñibilidade, sen máis especificación		
XIII.- Instalación de sensores de prazas libres						Non se concreta oferta.	150 unds	Piloto en carga e descarga.
XVI.- Conexión de los parquímetros a acometidas eléctricas							Prevista expresamente para os que dispoñan de recargas de dispositivos móbiles, recarga vehículo eléctrico e función quiosco.	
XVII.- Sensores de imaxe para detección de dobre fila e intensidade de peóns							6 sensores de peóns. 4 sensores dobre fila.	Piloto monitorización peóns e vehículos. 10 unidades
VII.-Dotación señalización non vinculada al contrato.								Subministro de sinalización de tráfico que non é propia da XER . Esta proposta non é en sentido propio unha mellora.
VII.- Kiss and Go. Plazas exentas de pago de tickets para recollida de escolares		En todo o ámbito escolar na zona XER.						
XX.-Personalización dos laterais con vinilos o cor a elixir							17 kioscos	
XXI.- Captura de tikets, compartir y usar						Utilidade global do servizo.		
1.2.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VERTICAL	AUSA	DORNIER	EYSA	GERTEK ACCIONA	SABA APARC.	STEX APARKI	ESYCSA-API	INGESER-IBERPARK
1.2.1.- Características del servicio								
I.- As sinais indicativas estarán fabricadas en chapa de aluminio coas dimensións idóneas e colocadas sobre postes de aluminio a unha altura mínima de 2,20 m. sobre o nivel da beirarrúa	Alumino 600x900 reflexivo nivel II con poste 60x3 de 3500mm. Cartel de 60x30 "manomoeda". (82 sinais)	Alumino 600x900 reflexivo nivel II con poste 60x4 de 3500mm. 65 unds	Alumino 600x900 reflexivo nivel II con poste 60x4 de 3500mm. 31 unds. . Cartel de 60x30 "expendedor más próximo" en caso necesario	Auminio non se indican medidas nin unidades.Incorpora unha sinal diferente para CyD	Auminio non se indican medidas nin unidades. Incorpora unha sinal diferente para CyD e sinal indicadora de maq expendedora	Alumino 600x900 reflexivo nivel II con poste 60x3 de 3500mm. Cartel de 60x30 "parquímetro máis próximo" e sinais de carga e descarga. (87 sinais)	Alumino 600x900 reflexivo nivel II. 70 unidades	Alumino 600x900 reflexivo nivel I con poste 60x3 de 3500mm. Cartel de 60x30 "manomoeda" por cada parquímetro sinais de carga e descarga, reserva de motos e discapacitados. Renovación de toda a sinalización vertical incluíndo carga e descarga, motos e reservas)
II.- Sinalización horizontal	Pintura acrílica de aplicación manual, inclúen ced e discapacitados	Reflexiva con aplicación por pulverización	Pintura acrílica de aplicación manual, inclúen ced e discapacitados		Pintura acrílica de aplicación manual, inclúen ced e discapacitados e coche eléctrico	Pintura acrílica de aplicación manual, inclúen CyD		Pintado inicial todas as prazas reguladas (resulta obrigada segundo PPT). E dos pasos de peóns de visibilidade reducida.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2017 14:03	Páxina 13 de 22
Expediente 90514/210	Código de verificación: 2DE54-242BE-282C8-83B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS

INFORMADO POR : ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

1.2.-SISTEMA DE XESTIÓN CENTRALIZADA DA INFORMACIÓN(10 PUNTOS)	AUSA	DORNIER	EYSA	GERTEK ACCIONA	SABA APARC.	STEX APARKI	ESYCSA-API	INGESER-IBERPARK
1.2.1.- Funcionalidades da ferramenta informática que portan os supervisores das zonas XER.	Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo. A entrada de datos pode ser feita mediante o procesamento OCR da foto da matrícula. Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector. Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía,sinatura dixital e xeoreferencia da situación do coche infractor. Prove información para o sistema de control de ocupación. Soporta unha función de recollida de incidencias tanto do sistema XER como do mobiliario Urbano en xeral Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga	O subsistema proposto para soportar esta función denomínase EOS Mobility Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector Permite a entrada de datos por recoñecemento de voz así como recoñecemento OCR de las matrículas Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector Permite a entrada de datos por recoñecemento de voz así como recoñecemento OCR de las matrículas Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía, sinatura dixital e xeoreferencia da situación do coche infractor Soporta unha función de recollida de incidencias tanto do sistema XER como do mobiliario urbano en xeral Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga Recolle información para o sistema de control de ocupación. Pode desencadear o envío de un aviso ó usuario afectado por unha proposta de denuncia Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga Axuda no control de ocupación permitindo o marcado praza por praza o estado das mesmas e enviando estes datos o sistema central de información	Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo Permite a entrada de datos por recoñecemento de voz así como recoñecemento OCR de las matrículas Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía,sinatura dixital e xeoreferencia da situación do coche infractor Soporta unha función de recollida de incidencias tanto do sistema XER como do mobiliario urbano en xeral Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga Recolle información para o sistema de control de ocupación.	Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo A entrada de datos pode ser feita mediante o procesamento OCR da foto da matrícula Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía, sinatura dixital e xeoreferencia da situación do coche infractor Recolle información para o sistema de control de ocupación. Soporta unha función de recollida de incidencias tanto do sistema XER como do mobiliario urbano en xeral Inventario de prazas Permite o control das prazas e de residentes e carga/descarga	Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía, opcional sinatura dixital e xeoreferencia da situación do coche infractor Recolle información para o sistema de control de ocupación. Soporta unha función de recollida de incidencias tanto do sistema XER como do mobiliario urbano en xeral Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga Pode desencadear o envío de un aviso ó usuario afectado por unha proposta de denuncia	Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo A entrada de datos pode ser feita mediante o procesamento voz, OCR da foto da matrícula Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía, opcional sinatura dixital do coche infractor Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga	Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo A entrada de datos pode ser feita mediante o procesamento OCR da foto da matrícula Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía e xeoreferencia da situación do coche infractor Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga	Permite a coordinación e validación instantánea contra o sistema central de información do estacionamento dun vehículo A entrada de datos pode ser feita mediante o procesamento OCR da foto da matrícula Recibe as propostas de denuncias do sistema de control de vixilancia embarcado no vehículo inspector Xenera as denuncias en formato dixital, con fotografía e xeoreferencia da situación do coche infractor Soporta unha función de recollida de incidencias Permite o control das prazas de residentes e carga/descarga
1.2.2.- Sistema de supervisión automática de ocupación embarcado nun vehículo	Sistema de recoñecemento automático de matrículas embarcado nun vehículo que permite en tempo real a identificación e xeoreferenciación dos vehículos en zonas ORA, e a coordinación co sistema central de información para realizar a correspondente comprobación e no seu caso proposta de denuncia e comunicación co controlador da zona	Sistema de recoñecemento automático de matrículas embarcado nun vehículo que permite en tempo real a identificación e xeoreferenciación dos vehículos en zonas ORA, e a coordinación co sistema central de información para realizar a correspondente comprobación e no seu caso proposta de denuncia e comunicación co controlador da zona	Sistema de recoñecemento automático de matrículas embarcado nun vehículo que permite en tempo real a identificación e xeoreferenciación dos vehículos en zonas ORA, e a coordinación co sistema central de información para realizar a correspondente comprobación e no seu caso proposta de denuncia e comunicación co controlador da zona	Sistema de recoñecemento automático de matrículas embarcado nun vehículo que permite en tempo real a identificación e xeoreferenciación dos vehículos en zonas ORA, e a coordinación co sistema central de información para realizar a correspondente comprobación e no seu caso proposta de denuncia e comunicación co controlador da zona	Sistema de recoñecemento automático de matrículas embarcado nun vehículo que permite en tempo real a identificación e xeoreferenciación dos vehículos en zonas ORA, e a coordinación co sistema central de información para realizar a correspondente comprobación e no seu caso proposta de denuncia e comunicación co controlador da zona	Sistema de recoñecemento automático de matrículas embarcado nun vehículo que permite en tempo real a identificación e xeoreferenciación dos vehículos en zonas ORA, e a coordinación co sistema central de información para realizar a correspondente comprobación e no seu caso proposta de denuncia e comunicación co controlador da zona	Non aporta	Sistema de recoñecemento automático de matrículas embarcado nun vehículo que permite en tempo real a identificación e xeoreferenciación dos vehículos en zonas ORA, e a coordinación co sistema central de información para realizar a correspondente comprobación e no seu caso proposta de denuncia e comunicación co controlador da zona
1.2.3.- Ferramentas adicadas a xestión económica e de recadación.	Todas as ofertas dispoñen de xeito similar da capacidade de soportar a xestión económica que centraliza todas as formas de pago e organizar a recadación dos parquímetros atendendo á información que estes proporcionan garantindo de este xeito a trazabilidade							
1.2.4.- Ferramentas ofrecidas os usuarios relacionadso con servizo: parquímetros, App móbil.	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo (cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) Uso de elementos de comunicación como as balizas bluetooth para interaccionar có cidadán mediante APP móbiles Xestión da tarxeta cidadá (incluído modulo Secure Acces Mode) App-Móbil-Permite realizalo o pago,aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Informar do nivel estimado de ocupación App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Asistente para guiado a posición de prazas de aparcamento App-Móbil-Historico de actividade App-Móbil-Pago so do tempo consumido	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo (cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) Uso de elementos de comunicación como as balizas bluetooth para interaccionar có cidadán mediante APP Móbiles Funcionamento en modo Quiosco de cara ó cidadán proporcionando integración información e ata integración con outros servizos Xestión da tarxeta cidadá(incluído modulo Secure Acces Mode) App-Móbil-Permite realizalo o pago, aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Historico de actividade App-Móbil-Pago so do tempo consumido	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo (cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) utilización de pantallas dinámicas que permiten o envío de información ó cidadán mentas está efectuado as súas operacións. Xestión da tarxeta cidadá App-Móbil-Permite realizalo o pago,aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Pago so do tempo consumido	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo (cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) App-Móbil-Permite realizalo o pago, aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Trasladar consultas e envío de incidencias con capacidade de axuntar fotografías	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo (cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) Xestión da tarxeta cidadá App-Móbil-Permite realizalo o pago, aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Pago so do tempo consumido	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo (cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) Uso de elementos de comunicación como as balizas bluetooth para interaccionar có cidadán mediante APP Móbiles utilización de pantallas dinámicas que permiten o envío de información ó cidadán mentas está efectuado as súas operacións. Xestión da tarxeta cidadá App-Móbil-Permite realizalo o pago, aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Comprobante de pago asinado dixitalmente App-Móbil-Historico de actividade App-Móbil-Pago so do tempo consumido	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) Funcionamento en modo Quiosco de cara ó cidadán proporcionando integración información e ata integración con outros servizos Uso de elementos de comunicación como as balizas bluetooth para interaccionar có cidadán mediante APP Móbiles Consulta sobre estado da tarxeta cidadá App-Móbil-Permite realizalo o pago, aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Informar do nivel estimado de ocupación App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Asistente para guiado a posición de prazas de aparcamento App-Móbil-Historico de actividade App-Móbil-Pago so do tempo consumido Publicación de prazas libres na cidade mediante un entorno colaborativo	As funcións software que ofrecen os parquímetros son as propias do servizo cálculo tarifas, pago servizos,emisión tickets, cancelación denuncias,etc) utilización de pantallas dinámicas que permiten o envío de información ó cidadán mentas está efectuado as súas operacións. Xestión da tarxeta cidadá App-Móbil-Permite realizalo o pago, aumentar tempo extra, a cancelación de denuncias e desaparecer dende un smartphone ou ordenador App-Móbil-Envío de notificacións para aviso relevantes acerca do servizo, como a finalización do tempo de aparcamento App-Móbil-Asistente para guiado a posición de prazas de aparcamento App-Móbil-Historico de actividade App-Móbil-Pago so do tempo consumido



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2017 14:03	Páxina 14 de 22
Expediente 90514/210	Código de verificación: 2DE54-242BE-282C8-83B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

